

RAYMOND ROUSSEL

Locus Solus

Traducido por Isabel Soto e Xavier Senín



Hugin e Munin

Capítulo I

Aquel xoves de primeiros de abril, o meu sabio amigo, o mestre Martial Canterel convidárame, con algúns dos seus íntimos, a visitar o inmenso parque que rodeaba a súa fermosa vila de Montmorency.

Locus Solus –que así se chama a propiedade– é un prateiro retiro onde a Canterel lle gusta proseguir con toda a tranquilidade de ánimo os seus múltiples e fecundos traballos. Nese *lugar solitario* está bastante ao amparo das axitacións de París e pode, non obstante, chegar á capital nun cuarto de hora cando as súas investigacións requiren dalgunha consulta en calquera biblioteca especializada ou cando chega o momento de facer algún comunicado sensacional ao mundo científico, en conferencias asombrosamente concorridas.

Canterel pasa en *Locus Solus* case todo o ano, rodeado de discípulos posuídos por unha apaixonada admiración polos seus continuos descubrimentos que o secundan con fanatismo na realización da súa obra. A vila dispón de varias salas luxosamente acondicionadas como laboratorios modelos que atenden numerosos axudantes, e o mestre consagra a súa vida enteira á ciencia, pois a súa gran fortuna de solteiro dispensado de cargas permítelle achanzar de vez calquera dificultade material que xurda no decorrer do seu encarnizado labor polas diversas metas que se impón.

Acababan de dar as tres. Ía bo tempo e o sol resplandecía nun ceo case uniformemente limpo. Canterel recibíranos ao aire libre non lonxe da súa vila, baixo unas vellas árbores cuxa sombra arrodeaba unha comfortable instalación na que había diferentes asentos de vimbio.

Logo de chegar o último convocado, o mestre púxose en marcha guiando o noso grupo, que o acompañaba docilmente. Alto, moreno, de fisionomía franca, con trazos regulares, Canterel, de fino bigote e ollos vivos nos que vibraba a súa marabillosa intelixencia, apenas acusaba os seus corenta e catro anos. A súa voz cálida e persuasiva engadíalle moito atractivo á súa locución engaiolante, cuxa sedución e claridade facían del un campión da palabra.

Camiñabamos dende había pouco por unha alameda en pendente ascendente moi costenta.

Na metade da costa batemos á beira do camiño cunha vedraña estatua de pé, colocada nun nicho de pedra bastante profundo, que aparentaba estar formada de pedra renegrada, seca e solidificada, e representaba, non sen encanto, un riseiro neno nu. Estendía os brazos cara a diante nun xesto de ofrenda, coas dúas mans abríndose cara ao teito do nicho. Unha pequena planta morta, dunha extrema antigüidade, elevábase no medio da súa man destra, onde noutrora chegara a enraizar.

Canterel, que proseguía distraidamente o seu camiño, tivo que responder as nosas preguntas unánimes.

«É o Federal de *semencontra* que Ibn Batouta viu no corazón de Tombouctou», dixo, amosando a estatua da que a seguir nos desvelou a orixe.

O mestre coñecera intimamente o célebre viaxeiro Echenoz, quen logo dunha expedición por África que levara a cabo sendo moi novo, chegara até Tombouctou.

